



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 2 DE
FEBREIRO DE 2012**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZA O VIEITES

Concelleira

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Concelleiro

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA
Concelleiro
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA
Concelleiro
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

FALTA

D. XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS, do BNG

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta e un minutos do día dous de febreiro de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, réunese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 16 DE DECEMBRO DE 2011.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O DÍA 12 DE XANEIRO DE 2012.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO A SUBVENCIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO A FIXACIÓN DAS CONTÍAS POR ASISTENCIAS DOS MEMBROS DO CONCELLO A SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

5º.- DACIÓN DE CONTAS DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 20 DE DECEMBRO DE 2011, AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 16 DE DECEMBRO DE 2011.

Aprobase por unanimidade a acta da sesión plenaria, celebrada o día 16 de decembro de 2011. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O DÍA 12 DE XANEIRO DE 2012.

Aprobase por unanimidade a acta da sesión plenaria, celebrada o día 12 de xaneiro de 2012. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO A SUBVENCIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

O secretario pon de manifesto que obra no expediente o correspondente ditame da comisión informativa aprobado cos votos a favor dos concelleiros do grupo popular e en contra dos concelleiros do PSdG-PSOE e BNG.

Sr. Alcalde: Moitas gracias, algunha intervención?, si, ten a palabra o Sr. Blanco Carracedo para a defensa desta iniciativa.

Sr. Blanco Carracedo, do PP: Boas noites. Ben, tal como se recolle na proposta feita en relación á baixada do vinte por cento das subvencións os partidos políticos, isto recollese dentro do que é a política de loita contra a débeda e consideramos que os grupos políticos deben aportar o seu grao. Xa se fixo inicialmente cando se estableceron as retribucións das dedicacións, que se conseguiu, a pesar de aumentar unha dedicación, unha redución do dez por cento, baixada do sueldo do alcalde e demais. Si me gusta o ROF, Sra. Louzao, si me gusta, hai outras cousas que tamén me gustan e que é a sensatez, sobre todo. O que non me parece sensato, senón en todo caso, paréceme demagogia, vir dicindo que veñamos todos sen cobrar ningunha asistencia e redución do vinte por cento das dedicacións. Tempo tiveron vostedes de tomar esta decisión sen que sirva de excusa dicir que nadie o propuxo. A nós tampouco nolo propuxo nadie, é iniciativa nosa. E o que é tamén demagogo é ser sesgado nas declaracións. Se vostedes falan dun aforro de oitenta mil euros o que hai que dicir é o que se plantexou a continuación, que con eses cartos se financie doutra forma os partidos políticos co cual o aforro non é eses oitenta mil euros, por iso preferimos ser sensatos aplicando unha redución do vinte por cento. Si si se falaba do financiamento,

bueno, eu penso que o sentido que falaba o Sr. Espiño o outro día era ese, pero bueno, ó mellor me equivoco. De todas formas, penso que hai que ser sensatos e contribuímos cun vinte por cento, tanto na redución das subvencións como nas retribucións por asistencias.

Sr. Alcalde: *Moi ben, moitas gracias Sr. Blanco. Ten a palabra a Sra.Louzao.*

Sra. Louzao Vieites, do PSdG-PSOE: *Ben, boas noites a todos e a todas. Vexo que por parte do equipo de goberno se decidiu fusionar os dous puntos, polo menos en canto ó debate, non temos ningún problema. Nós, evidentemente, vamos a ratificar a postura que xa mantivemos na comisión, o vamos a facer porque, dende logo, non é demagogia Sr. Blanco, posto que xa o propuxemos antes aquí, nesta mesma dependencia do Concello, xa o propuxemos. Se se vía que había unha situación de dificultade pois os políticos comprometámonos mentres cremos que sexa necesario para esa situación de dificultade e acudamos os vinteún a este tipo de órganos colexiados e demais de xeito gratuíto, porque esi si é unha medida de responsabilidade, é dicir, non é unha medida de cara á galería, non é unha medida para ter un titular, senón que é un exercicio de responsabilidade e, non seríamos o primeiro concello en facelo. Existen concellos sen precedentes en Galicia, nos que, ante esta situación de crisis se adoptou esta mesma medida e, polo tanto, nos vamos a manter esa medida. Con respecto ó tema das subvencións a grupos dicir, simplemente, que o que se acordou, porque isto é algo que non ven de agora senón que ven desde o noventa e nove, que se ven mantendo igual e se ven conxelando nesta corporación, se acordou que ante a imposibilidade de dar cumprimento ó expresado no precepto do regulamento de organización e funcionamento dotando ós grupos políticos de locais nas dependencias municipais e dunha infraestrutura mínima de medios materiais e persoais, se chegou a un acordo conxunto polo que se establecía no noventa e nove unhas dietas para os membros da corporación. Polo tanto, era un acordo que había, que se chegou unanimemente, que se estableceu no noventa e nove e que se viña mantendo. Se vostedes deciden alterar agora ese acordo, dende logo, vostedes saberán se consideran suficiente ou non consideran suficiente. A nosa proposta esta aí, non é unha proposta de cara a galería, é unha proposta na que nos ratificamos e que iso si é un compromiso cos veciños da Estrada, iso si supón unha medida de aforro; e se vostede dicía “¿por que non a tomaron vostedes antes?” Pois, moi fácil, a resposta lla da o alcalde moi a menudo, nós, xestionábamos alegremente, dicían vostedes, tiñamos fondos, entonces, mantivemos conxelado esa medida respecto ós datos do noventa e nove, cifras do noventa e nove, entón, hoxe que vimos a plantexar aquí? O mesmo que plantexamos xa no pleno ó comezo desta lexislatura, que plantexamos na comisión e que vamos a manter, que de cara ós veciños un aforro significativo, significativo, sería un vinte por cento nas dedicacións co cal aceptaríamos ese vinte por cento tamén en subvencións a grupos a pesar de que, como lía, deberíanos dar para ser capaces de manter local, ser capaces de ter, facer equipo de traballo, pero bueno, aceptaríanos esa rebaixa dos grupos se vostedes aceptan que o vinte por cento sexa tamén nas dedicacións, no que vostedes cobran por facer aquí, porque todos lle adicamos tempo. E algún dos membros do seu equipo de goberno dicía que está ben ter unha rebaixa pero está ben vir aquí cobrando algo, que non vimos aquí para perder diñeiro tampouco; claro que non vimos e a oposición tampouco ven, pero a oposición entende que se vostedes din que estamos en situación de crisis e que hai que facer un aforro, fagamos un aforro significativo, un aforro do cen por cen destes custos por vir aquí como membros do pleno. Polo tanto, vamos a manter esa proposta, indicando que sería un aforro máis serio, máis significativo de cara ós veciños e ás veciñas, acudir a este pleno, insisto, cedendo as nosas dietas para o interese dos veciños e das veciñas, do cen por cen, dos membros da corporación e que os membros que teñen dedicación parcial ou plena se apliquen eles mesmos ese vinte por cen, iso si sería un aforro para os veciños e veciñas da Estrada. Moitas gracias.*

Sr. Alcalde: *Moi ben, pois se non hai máis debate, creo que procede a votación non sen antes destacar algún aspecto que eu creo importante. Estamos no pleno do mes de febreiro debatendo a rebaixa nas asistencias e nas aportacións ós grupos políticos, un vinte por cento, unha cantidade que eu creo que é significativa e superior ó esforzo que se lle vai esixir ós orzamentos respecto ó gasto corrente no ano dous mil doce; pero é certo que hai que facer un axuste e hai que empezar por un mesmo. Este goberno, nas competencias das súas funcións, xa fixo ese axuste nas dedicacións exclusivas, tanto as exclusivas como as*

parciais e, de feito, se fixo un aforro superior ó vinte por cento, unha rebaixa superior ó vinte por cento con respecto ó que cobraban os mesmos concelleiros polo mesmo traballo no goberno anterior. Iso é un dato, claro e contundente, e xa desde o primeiro momento o goberno se aplicou unha rebaixa do vinte por cento, non creo que aquí haia ou existan partidos ou concelleiros de primeira e de segunda, parece ser que si, parece ser que na corporación anterior había concelleiros de primeira e agora os hai de segunda. Somos todos iguais, pero como non somos iguais, somos sensiblemente diferentes: este goberno, desde o primeiro momento, se aplicou unha rebaixa dun corenta por cento no soldo do alcalde e de máis dun vinte por cento no soldo das dedicacións parciais. Ese máis do vinte por cento xa se aplica desde o primeiro día, desde o primeiro minuto, porque era competencia do goberno poder facelo e era unha proposta do goberno cando se constituíu esta nova corporación. Este acordo que xa se plantexou no seu momento, se nos aconsellou por parte de secretaría e por parte dos funcionarios municipais, levalo incorporado como modificación presupuestaria no orzamento do ano dous mil doce. E, por iso, este é o momento de debater esa rebaixa; pero é que nós xa vamos seis meses con anticipación á oposición, nós xa o fixemos fai seis meses, xa rebaixamos as dedicacións exclusivas que no seu mandato eran de vinte e catro mil quinientos euros, as baixamos a vinte mil. Iso foi o que se fixo fai xa hai seis meses, e iso é responsabilidade desde o primeiro momento. Polo tanto, creo que non cabe..., desde logo aceptamos calquera tipo de consello, aceptamos calquera tipo de valoración, pero bueno, leccións de apertarse o cinturón, de dar exemplo, de exercer con eficacia... e desde logo de aplicarse desde o primeiro momento, en rebaixar e en mellorar a situación económica que ten este concello, creo que, desde este lado da corporación ou desde este lado das bancadas da oposición non se nos pode dar. Polo tanto, como nós xa nos anticipamos, o que vostede está pedindo xa o fixemos fai seis meses e iso é bo, van con seis meses de retraso na oposición con respecto o que fai o goberno. Nós nos aplicamos ese conto e agora o aplicamos de forma xeneralizada e de feito ademais esta rebaixa nos prexudica directamente ó equipo de goberno e vostedes o saben perfectamente, por iso non o fixeron no seu momento, o equipo de goberno ten as xuntas de goberno local semanais e cando vostedes, moitos membros do seu partido cobraban dous mil euros por asistencias non dixeron nada. Agora o que máis cobra neste goberno cobra mil douscentos euros, eses oitocentos euros de diferenza son rebaixas considerables por haber plantexado presidencias de comisións das persoas que teñen dedicacións parciais para non poder, para non cobrar esas asistencias e, desde logo, medidas efectivas nas rebaixas deses gastos correntes que van a supoñer un aforro considerable para o concello, calquera outro tipo de plantexamento, pois ó que estamos habituados, eu creo que non ten moita lóxica e moito sentido que despois de estar como estiveron catro anos xestionando este concello veñan agora acordarse de facer este tipo de plantexamentos que non teñen nin razón nin lóxica ningunha, pero vostedes saberán a que corresponde. E desde logo este goberno seguirá actuando con sensatez e con racionalidade. Por iso creo que estando suficientemente debatido este tema procedemos á votación deste punto numero tres da orde do día. Ten a palabra vostede Sr. Espiño.

Sr. Otero Espiño, do PSdG-PSOE: Me di terxiversar, de declaración de xergo, e non, mire, quen está sesgando a comisión e me da a sensación de que non estivo nela é vostede, Sr. Blanco, eu falei da redución do vinte por cento nas dedicacións e automaticamente anulación das asistencias. O resto, o feito de que houbera outra proposta e este noso grupo ou os representantes do noso grupo a apoiaran non ten nada que ver ca nosa proposta, e ademais foron sometidas separadamente as distintas propostas. Polo tanto, o que está sesgando é vostede. E, por certo, Sr. Alcalde, parece que vostede non gobernou nos outros catro anos anteriores neste concello?

Sr. Alcalde: Moi ben, Sr. Espiño, vostede leva moitos anos aquí, sabe perfectamente..., moitos, moitos, cerca de trinta, sabe vostede perfectamente o que hai, o que houbo e como se fixeron as cousas aquí, polo tanto non lle vou a dicir eu o que ten que ser ou que non ten que ser. O que si está claro é que vostedes falan e nós actuamos, vostedes din o que habería que facer, vostedes din o que habería que facer e desde logo este goberno o fai e leva a iniciativa nestes temas; que eu creo que iniciativa na contención do gasto e na austeridade e na eficacia non nola poden dar, desde logo vostedes non nola poden dar. Polo tanto, segan a remolque neste tipo de temas, e xa lle digo, me parece perfecto, se queren votar a favor, o

vinte por cento da rebaixa das dedicacións exclusivas e dedicacións parciais está superado con creces, voten a favor. Está feito desde o primeiro día que tomou posesión este goberno máis do vinte por cento nas dedicacións parciais e cerca do corenta por cento na dedicación exclusiva. Teñeno vostedes facilísimo, está cumprida a súa proposta, teñen o momento de decantarse e votar a favor e desde logo teñen a oportunidade de ser coherentes e non intentar facer unha cousa cando gobernan e dicir a contraria cando están na oposición. Iso é o que fan realmente vostedes, e neste caso, unha vez máis, o van a facer. E polo tanto, creo que as posturas están claras, creo que está suficientemente debatido, por iso procedemos á votación.

Finalmente, apróbase por once votos a favor (do PP) e nove votos en contra (do PSdeG-PSOE) o seguinte Acordo:

Tendo en conta os obxectivos fundamentais da política económica xeral, que, no horizonte de redución do déficit público, obrigan a impulsar medidas conducentes ó aforro do gasto corrente sen deixar de garantir a prestación dos servizos básicos, nomeadamente os de carácter social, Considerando que os grupos políticos con representación municipal poden e deben contribuír ó dito aforro, reducindo nun 20 por cento as contías das subvencións que anualmente perciben con cargo ó orzamento municipal segundo os criterios aprobados na sesión plenaria do 8 de outubro de 1999, e recollidos ata o exercicio do ano 2011 nas Bases de execución orzamentaria,

E de conformidade co previsto nos artigos 73-3 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 27 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

ACORDAMOS:

O Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais establece no seu artigo 27: "Na medida das posibilidades funcionais da organización administrativa da entidade local, os diversos grupos políticos dispoñerán na sé da mesma dun despacho ou local para reunirse de maneira independente e recibir visitas de cidadáns, e o presidente ou o membro da corporación responsable da área de réxime interior poñerá á súa disposición unha infraestrutura mínima de medios materiais e persoais".

Ante a imposibilidade de dar cumprimento ó expresado precepto, dotando ós grupos políticos de locais nas dependencias municipais e dunha infraestrutura mínima de medios materiais e persoais, como se puxo de manifesto nos reiterados intentos de levalo a cabo, e tendo en conta o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, fíxase unha cantidade por grupo político de 72,13 euros mensuais e 24,04 euros por concelleiro e mes. Estas cantidades aboaranse a cada grupo político na conta que se indique polo portavoz de cada grupo, coas limitacións e obrigas que determina o referido artigo 73.3 da Lei 7/1985. Estas dotacións non poderán destinarse ó pagamento de retribucións de persoal de calquera tipo ó servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

O grupo municipal deberá levar unha contabilidade adecuada e conservar os correspondentes xustificantes, que porán a disposición do Pleno no sempre que este o pida. No seu caso, poderá solicitar o informe do Interventor acerca do cumprimento das normas que rexen estas prestacións.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO A FIXACIÓN DAS CONTÍAS POR ASISTENCIAS DOS MEMBROS DO CONCELLO A SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS

O secretario pon de manifesto que obra no expediente o corresponde ditame aprobado na comisión informativa cos votos a favor dos concelleiros do grupo popular e cos votos en contra dos concelleiros do BNG e do grupo socialista.

Finalmente, apróbase por once votos a favor (do PP) e nove votos en contra (do PSdeG-PSOE) o seguinte Acordo:

Tendo en conta os obxectivos fundamentais da política económica xeral, que, no horizonte de redución do déficit público, obrigan a impulsar medidas conducentes ó aforro do gasto corrente sen deixar de garantir a prestación dos servizos básicos, nomeadamente os de carácter social,

Considerando que os concelleiros (sen dedicación exclusiva nin parcial) poden e deben contribuír ó dito aforro, reducindo nun 20 por cento as contías por asistencia a sesións de órganos colexiados fixadas nas Bases de execución orzamentaria (72,12 euros os concelleiros membros e 114,19 euros o presidente: base 48ª.1 dos orzamentos dos anos 2000 e sucesivos, ata o 2011),

E de conformidade co previsto nos artigos 75.3 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 13.6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

ACORDAMOS:

Os membros do Concello, excluídos os que teñan dedicación exclusiva ou parcial, percibirán 57,70 euros por cada asistencia ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, e 91,35 euros no caso dos presidentes. Cando deban asistir a reunións de órganos similares en representación do Concello percibirán 57,70 euros por asistencia.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

A) PROPOSTA DA ALCALDÍA- PRESIDENCIA RELATIVA A DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO RADICADO EN SANTA CRISTINA DE VEA.

Sr. Alcalde: Antes de pasar á parte de control de xestión queremos someter a votación por trámite de urxencia un asunto que xa foi debatido na comisión informativa do rural esta mesma mañá e que, desde logo pola transcendencia que ten e por non retrasar todavía máis o trámite dun expediente importante e que leva atascado varios meses senón anos, no seu proceso, entendemos que, tendo en conta os trámites posteriores que todavía nos quedan, de exposición pública, de alegacións e de tramitación e tendo en conta tamén o estado no que está o expediente a nivel de tramitación, entendemos que é urxente a súa incorporación no pleno para continuar coa tramitación administrativa correspondente. Polo tanto, se lles parece sometemos a debate a urxencia da incorporación no orde do día da proposta da alcaldía relativa a desafectación do camiño público radicado en Santa Cristina de Veá. Algunha intervención? Polo tanto, se non hai debate sobre a urxencia votamos, primeiro a urxencia.

Procedese á votación relativa á urxencia do asunto aprobándose por unanimidade.

Finalmente, adóptase o seguinte Acordo por unanimidade:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia relativa ao asunto de referencia.

Vista a solicitude da Asociación de Veciños de Santa Cristina de Veá, con entrada o 30 de novembro de 2011, acompañada de Informe explicativo con planos, de Arquitecto Técnico.

Visto o Informe do Enxeñeiro técnico municipal de 20 de xaneiro de 2012.

Visto o escrito con entrada o 26 de xaneiro de 2012 da Asociación de Veciños de Santa Cristina de Veá no que se ratifica na solicitude anterior (pide a desafectación e o alleamento no seu favor; acepta o prezo sinalado polo Enxeñeiro Técnico Municipal -606 euros;-comprométese a aportar no Concello -unha vez lle sea alleada a finca, inscrición rexistral acreditativa de ter agrupada a parcela cuxo alleamento solicita coa lindeira da que é propietaria .

Visto o escrito con entrada o 26 de xaneiro de 2012 do Arcebispado de Santiago, o outro propietario lindeiro da parcela a desafectar e allear, sinalando que non ten interese na adquisición da mesma.

Visto que, o ben en cuestión, é dominio público, polo que primeiramente ao alleamento a un lindeiro é precisa a súa desafectación e máis a súa declaración como parcela sobrante.

Visto o Informe favorable do T. A. X.- Xefe do Servizo Xurídico de Urbanismo, de 26 de xaneiro de 2012.

Visto o Informe favorable do Secretario Xeral, de 30 de xaneiro de 2012.

ACORDAMOS:

1º.-Aprobar inicialmente expediente para:

- ✓ Desafectar a parcela que se describe a continuación, que non se atopa inscrita no Rexistro da Propiedade:

Tramo de camiño no lugar de Outeiro, entre as parcelas nº 563 da Z.C.P. de Santa Cristina de Veá e a nº 651 da Z.C.P. de Monte Val de Veá 1ª Fase, cunha superficie de 2 áreas e 2 centiáreas. Linda: Norte: coa parcela 651 da Z.C.P. de Monte Val de Veá; Sur:coa 563 da Z.C.P. de Santa Cristina de Veá; Leste: con camiño e a parcela 563; Oeste: con camiño.

- ✓ Declarar expresamente parcela sobrante a mencionada parcela.
- ✓ A recepción formal da mencionada parcela como ben patrimonial ou de propio do Concello.

2º.-Publicar anuncio do presente Acordo no Taboleiro de Edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal, a efectos de que os interesados poidan presenta-las reclamacións e suxestións que estimen oportunas no prazo dun mes.

3º.-Tralo preceptivo trámite de información pública e, de non presentarse reclamacións ou suxestións dentro de prazo, o Acordo, ata entón provisional, entenderase definitivamente adoptado”.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

5º.- DACIÓN DE CONTAS DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 20 DE DECEMBRO DE 2011, AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS. Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 20 de decembro de 2011.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Louzao Vieites, do PSdG-PSOE: No pleno pasado falabamos, porque foi un pleno así moi pouco longo nalgunhas intervencións e demais e comentábamos que sería ben que a oposición invertera tanto tempo en intervención como inverte algún membro do equipo de goberno, pero a verdade non o vamos a facer, non o vamos a facer porque bueno, tampouco é necesario escoitar a voz dun mesmo cando o que se quere dicir é claro. Traemos algunhas preguntas que lle queremos facer en este caso ó Sr. Alcalde en representación do goberno. Unha delas, que nos piden os veciños, é cando van a estar funcionando tódolos contenedores soterrados que se instalaron de acordo cunha subvención que se había pedido. Se cambiaron algunhas calles e demais, pero vamos, hai algúns que están funcionando e outros que non, nos piden os veciños que preguntemos sobre este tema.

Sr. Alcalde: Moi ben, pois a idea é poñelos en marcha o antes posible. O problema é que os contenedores que están radicados ou situados na calle Castelao teñen un problema de conexión eléctrica . Temos que levar a conexión eléctrica desde aproximadamente a metade

da calle Irida e temos que canalizala ata os contenedores soterrados. Iso fai que os contenedores de residuos orgánicos si poidan ser utilizados porque o vehículo que temos ten un sistema para poder elevalos, pero os contenedores amarillos, plástico e cartón, os vehículos que veñen a facer a recollida non o teñen. Polo tanto, ata que fagamos a conexión...; é un tramo entre aproximadamente cen, cento vinte metros e é unha obra que temos que abrir unha zanja de máis ou menos esa magnitude, pois non os podemos poñer en marcha, pero a idea é facelo nun prazo razoable de tempo e canto antes podelos ter en funcionamento.

Sra. Louzao Vieites, do PSdG-PSOE: *Moi ben, gracias pola súa resposta, quedámonos con que o antes posible.*

Outra pregunta, nos gustaría saber, a raíz das últimas informacións e de que vostedes, tanto o concelleiro de facenda como o propio alcalde manifestaron que os presupostos do concello non se ían sacar mentres non se soubese como van afectar os cambios que está establecendo o PP a nivel nacional e demais, bueno, pero en concreto, a nivel local, porque os veciños o preguntan, ¿en canto estima o goberno o que vai a subir o recibo do IBI para os veciños?

Sr. Alcalde: *Este é un tema que desde logo se verá e se debaterá nos orzamentos. Está claro que hai unha directriz clara que é o Decreto-Lei que establece que tódolos concellos de España se deben de axustar ó tipo impositivo mínimo do 0,5, polo tanto, o concello da Estrada, necesaria e obrigatoriamente se ten que axustar a ese tipo impositivo. Actualmente estaba no 0,4, había unha bonificación e pasará a estar a partir deste ano no 0,5, non tendo agora mesmo cuantificado canto pode ser o incremento pero, evidentemente, o tipo que se aplicará, como nos mais de oito mil concellos que existen en España, vai a ser o tipo mínimo fixado nese Decreto-Lei que, ademais, entendemos que é unha medida que permitirá, en certa medida tamén, solventar algo a precaria situación das administracións locais. É un momento moi complexo, cunha caída de ingresos moi acuciante e grave e ademais onde temos o problema que por encima aínda temos que devolver parte do diñeiro cobrado nos anos dous mil oito e dous mil nove, gastado, e que, desde logo, que temos que devolver, a razón de douscentos mil euros; e esperemos que o goberno tamén nos de algo de osíxeno nesta medida e nos permita aprazar ese pago de cinco a dez anos. Polo tanto, estamos a expensas do que pode pasar pero, certo é que, se non temos un pouco de apoio por parte da administración central, moitos concellos, a gran maioría dos concellos van a pasar situacións extremadamente difíciles porque a estrutura do gasto corrente e do gasto de persoal é a que é, e é a que leva basicamente a gran maioría dos ingresos que se producen de forma corrente. Polo tanto, é unha medida que alivia temporalmente as arcas municipais, é unha medida temporal, 2012 se sobe o tipo impositivo ó 0,5, 2013 se sobe ó 0,6 e despois esta situación tendendo a que a situación económica se mellore, se estabilizará, e poderemos volver a corrixir estes valores. Pero é unha medida de urxencia, é unha medida extrema nun momento complicado e desde logo, como ten que ser así, o concello da Estrada asumirá e acatará esa decisión tomada unanimemente para tódolos concellos.*

Sra. Louzao Vieites, do PSdG-PSOE: *Nos quedamos coa súa resposta de que todavía non está cuantificado, que non hai previsión e que se tratará no seu momento. Vostede dicía, e por iso quero facer fincapé, en que podía aliviar a situación precaria dos concellos, a definía vostede; lástima da situación precaria das familias, que non poden prever todavía porque vostedes non teñen cuantificado, pero bueno.*

Outra pregunta que queríamos facer era que vemos sorprendidos un cruce de declaracións entre os propios membros do goberno estes días na prensa cando, ademais, era público e notorio, é dicir, nos gustaría facer unha serie de preguntas que vamos a seguir na liña que viñamos, preguntas concretas, non é necesario remontarnos a historias de civilizacións; Queremos preguntar sobre a quedada definida como “quedada no polígono de Toedo”, queremos saber, había concedido permiso por parte do concello? Si ou non?

Sr. Alcalde: *Pois, pola información que eu teño, esa solicitude creo que se fixo o pasado venres. Eu non estaba..., bueno... o venres, fíxose un venres que eu non estaba no concello e parece que se pediu unha solicitude, coma outras moitas veces, que tiña autorización para*

facen unha concentración de vehículos tuning, habitual e normal, que se fixo xa en varias ocasións neste concello. Entendendo a boa disposición da gran maioría deles, evidentemente, sempre no medio hai algunha persoa que utiliza este tipo de eventos para facer unha falcatruada, pois houbo un grupo de persoas que se dedicaron a facer actos que desde logo non se correspondía. O concello o que autorizou en todo momento, como se fixo en moitas outras ocasións, foi esa quedada de vehículos que, bueno, ten certo alcance a nivel social e que, ademais, se viña realizando en varias ocasións e non houbera ningún altercado. Está claro que, hai que confiar na boa fe das persoas, neste caso pois se produciron certos feitos que nunca se deberon de ter producido e, o que está claro é que hai que extremar a vixilancia e o control e sobre todo, quero destacar que, os propios organizadores dese evento, para o cal tiña licenza, rapidamente se dirixiron ó concello para dicir e para pedir desculpas polo que había pasado, que eles non tiñan absolutamente nada que ver con este tema e, sempre, cando hai unha aglomeración e cando hai un grupo de persoas e sobre todo en temas de motor, sempre hai algunha persoa que non cumpre co que debe facer; e, desde logo, non porque uns cuantos o fixeran temos que pensar que todos son iguais. Eu creo que sempre se desenvolveron con certa normalidade e vamos a entender (e ademais eu creo que teñen acreditado o seu aval na organización destes eventos sempre con calquera goberno, nos últimos anos se fixo) e creo que hai que darlle un voto de confianza e esperemos que este tipo de feitos, e vixiaremos para que este tipo de feitos non se volvan a repetir.

Sra. Louzao Vieites, do PSdG-PSOE: *Ben, facía vostede referencia a que ten alcance social agora o acontecido, hombre pois, teno, a nivel nacional. Si existían precedentes noutros concellos destas situacións pero bueno. Vostede di que efectivamente se concedeu unha licenza, sería un venres que vostede non estaba. Para a concesión desa licenza existiu informe da policía?*

Sr. Alcalde: *Si, evidentemente claro.*

Sr. Constenla Carbón, do PP: *Existía informe policial, como era un sitio no polígono privado, dixo que como non ían utilizar, non se ían cortar ningunha vía pública.*

Sra. Louzao Vieites, do PSdG-PSOE: *Me contesta neste caso e me vale a resposta do Sr. Concelleiro e di vostede que non ían utilizar vías públicas. Eu teño entendido que a seguridade nas vías dese polígono é tamén competencia da seguridade do propio concello e, polo tanto, si é necesario informe da policía que, se existe, nos gustaría ter unha copia do mesmo; e sirva isto como un rogo para que se nos facilite. Ben, independentemente de que existise ou non ese informe, que non nos queda moi claro, está claro que a seguridade nesas vías é competencia tamén do concello. A nosa pregunta é: estivo presente no acto policía ou protección civil?*

Sr. Alcalde: *Non*

Sra. Louzao Vieites, do PSdG-PSOE: *Ben, non estiveron presentes, moi ben, existe a posteriori un informe da policía ó respecto?*

Sr. Alcalde: *Non*

Sra. Louzao Vieites, do PSdG-PSOE: *Non existen informes da policía; e vanse tomar medidas ó respecto?*

Sr. Alcalde: *Si, xa lle expliquei antes que a idea nosa, a idea deste goberno é..., como xa lle dixen, houbo sempre unha boa relación entre as persoas que están ó fronte deste tipo de organización de eventos, sigo dicindo o mesmo. Creo que porque haxa un grupo de desalmados no medio non temos que prexudicar ó resto das persoas que normalmente o fan de forma correcta e de forma coherente e de feito, incluso, moitas veces, nas propias festas patronais ou algún outro evento se utilizou este tipo de chamada ós vehículos do motor e a nosa intención é seguir dentro do normal, autorizando, coas preceptivas reservas, todo este tipo de actos, que eu creo que no fondo son actos sociais que, ó final, como en outros moitos,*

como pasa en noutras ocasións, pois acaban derivando en algún acto vandálico que, evidentemente, temos que intentar corrixir; pero contra ese tipo de actos, desde logo, é difícil ter unha previsión e está claro que (eu estou convencido e o digo así de claro) non deben de pagar xustos por pagadores. Creo que a gran maioría non son delincuentes e hai un grupo deles no medio que alteran e alborotan unha situación determinada e polo tanto, nós temos intención de seguir vixiantes este tipo de acontecementos pero por iso non vamos a presumir que son todos uns delincuentes os que están a participar neste tipo de actos.

Sra. Louzao Vieites, do PSdG-PSOE: Ben, que son todos uns delincuentes nós non o presumimos, desde logo non o creemos tampouco; que había persoas que organizaban o evento, pode ser, que ó mellor se lles foi da mano ou que había persoas dentro desta organización que fixeron actos que non estaban contemplados, pode ser correcto. Pero vostede dicía “vamos a seguir traballando en seguridade”, hombre, aquí neste caso en concreto se traballou ben pouco. Que haxa un movemento de case trescentos cincuenta vehículos se calcula (porque en internet xa solo existe un listado de solo trescentas persoas que estaban anotadas para ir), e que non teñamos constancia, en ningún informe a posteriori, do que sucedeu...; que existan vídeos colgados en internet, publicados nas televisións a nivel nacional nos que se ve ós infractores, por dicilo dalgún xeito, e non se tomen medidas ó respecto e se nos diga que vamos estar máis vixiantes para a próxima... Si, fallos cométese e claro que se cometeron e, neste concello, hai precedentes. Recordamos todos o que sucedeu con un kart nunha ocasión que houbo que indemnizar a unha persoa e demais. Evitemos iso. Teñamos un pouquiño de previsión e que se me diga e se nos diga a nós aquí que, un acto que sucedeu desde as once da mañá ata as oito da noite e non existe un informe ó respecto, non se tomou ningunha medida, que existan unhas vallas de seguridade que se ven perfectamente nos vídeos en internet e que a policía non estivo presente, que protección civil non estivo presente, que non se sepa se existe informe da policía ou non ó respecto dunha licenza que se concede..., pois, desde logo, é un pouco, un pouco estraño, e se nos fala de responsabilidade... Ben, simplemente dicir, que nós non chamamos delincuente a ninguén, porque non cremos que o sexan, que eses actos organizados está ben, pero que o concello ten que organizar a seguridade neses actos para evitar problemas e é responsabilidade do concello, do que nos sentimos parte, por tanto, que iso non foi ben organizado, que esa licenza non estivo ben concedida, posiblemente, agora, agardemos que se a próxima vez damos licenza para este tipo de actos, tomemos as medidas de seguridade que se deban tomar desde o goberno e evitar saír nos telediarios a nivel nacional, polo menos, e en internet, porque as cousas quedan como quedan. Ben, simplemente que, como vostede me dicía que as medidas que se van a tomar ó respecto son para a próxima, ser un pouquiño máis coidadosos, pois dicir simplemente que en internet está claro o que sucedeu.

Gustaríanos facer un rogo que xa fixemos noutros plenos e que traemos tamén a este que é que se inste á Deputación Provincial a mellorar a sinalización horizontal das súas vías. Nos din os veciños que existen zonas nas que é bastante deficiente, que non se ven as liñas, incluso, e demais. Sen máis, moitas grazas.

Sr. Alcalde: Moi ben, con respecto ó que comentaba vostede, si é certo que, evidentemente, houbo un problema de orden público. É certo que nós autorizamos e o que se autoriza sempre en este tipo de eventos é unha concentración de vehículos, non é unha proba deportiva, como ben sabe vostede e, polo tanto, se autoriza, si, como unha concentración de vehículos en donde, na teoría, non debe de haber risco algún. Se posteriormente, como dixen antes, no grupo hai unha serie de persoas, como en calquera tipo de acontecemento que se pode organizar en calquera momento, en calquera concerto que se pode montar, un altercado de orden público. Polo tanto, o que lle quero dicir é que se organizou en máis dunha ocasión este tipo de eventos, que ata o de agora foi feito dunha forma bastante razoable e creo que a organización merece o crédito e neste caso, está claro que se foi das mans e que houbo un problema de orden público que desde logo, pola conta que nos ten, e desde logo como goberno e como responsables municipais está claro que tomaremos as medidas oportunas e necesarias para que este tipo de acontecementos non volva a ocorrer. Entendemos a preocupación e non se preocupe que tomaremos nota para intentar evitar que isto aconteza nos próximos días. Ten a palabra o Sr. Picaño.

Sr. Picaño Riveira do PSdG-PSOE: *Bueno, boas noites, eu queríalle facer unha pregunta un rogo mirándolle ós ollos (gústame mirarlle ós ollos), sobre o tema do alumeadado público no rural, porque en Riveira, na miña parroquia, a semana pasada, non sei os motivos (supoño que ningún malo), volveron a vir cortar uns puntos de luz; entón a pregunta é: quen é o que toma a decisión de cortar os puntos de luz, se é o alcalde de barrio, se é vostede, se é o concelleiro do rural? non sei quen dos dous, do tres ou quen sea, porque hai uns temas que non nos cuadran, é dicir, vostede dixo ou escoiteille eu na radio: “un punto de luz por casa” non? quero recordar. Onde vivo eu somos cinco e tiñamos tres puntos de luz, cortáronnos un, quedáronnos dous, bueno hai que poñer dous, pero como foi diante da miña casa penso que non foi con malicia, quero dicir que supoño que o que o cortou o punto de luz ou a empresa ou tal; pero a cen metros máis adiante (máis ou menos, non o medín), a prima do alcalde de barrio ten dous diante da súa casa. A outros douscentos máis ou menos hai un funcionario que traballa neste concello que é electricista e no seu lugar non se cortou ningún punto de luz, e no lugar deste funcionario hai o sogro doutro funcionario, que á súa vez é o seu alcalde de barrio, que ten dous puntos de luz, un na eira. Isto todo así como lle estou dicindo, digo porque podémolo ir ver agora ó saír do pleno (vense mellor de noite, por iso). Entón, a miña pregunta era: quen é o que toma as decisións e sobre todo con que criterio, é dicir, con que criterio se toma iso? porque esta pregunta e isto todo ven porque, eu que me cortaran a de diante da miña casa, nada, porque o tío entendería que era así e nada e somos cinco e faltan dúas, e non pasa nada; pero ven por un veciño que está bastante desprotexido, saleu na prensa cando viñeron os rumanos e déronlle unha paliza bastante importante, que a segunda vez foi para o hospital, e bueno, a este señor lle cortaron os dous puntos de luz que lle habíamos posto no goberno anterior porque nolo pedira sendo eu alcalde de barrio e alcalde José Antonio. E bueno, pois, este home vese desamparado e sobre todo, pois, ten un medo á noite especial. O rogo é que canto antes lle foran repoñer eses dous puntos de luz. Me chamou agora outra veciña, hai dez minutos que un llo foran repoñer porque falou co alcalde de barrio e supoño que algún da corporación dos que estamos aquí presentes saberá do que falo e bueno, que se lle vaian repoñer eses dous puntos de luz, se pode ser mañá que non sexa pasado, porque non quero facer demagogia pero que non pase como co muro de Figueroa, non sabe?, que se ía arreglar, íase arreglar e arreglouse pero ó que caeu. Isto ó mellor estamos falando dunha persoa que, bueno, en fin é un humano, aparte que non ten veciños e tal, a pregunta era esa e o rogo tamén, moitas grazas.*

Sr. Alcalde: *Moi ben, Sr. Picaño. Iso que ían a ser vostedes concretos nas preguntas, ían matizar, despois ó final acábanse perdendo, despois acábanse perdendo un pouco no tema. Mire eu aquí non habituamos a resolver nos plenos temas particulares, non, temas de persoas, para iso na alcaldía tódolos días podemos atender calquera tipo de petición, creo que é o máis razoable. Se nos dedicamos aquí, imaxínese vostede, en cada pleno, a vir a traer os temas particulares de cada veciño con nomes e apelidos en cada unha das parroquias, pois isto pódese converter en algo, pois que seguramente non sirva para moito. Eu creo que o debate en pleno debe ser un debate pois máis amplo de miras, intentar resolver temas que hoxe en día son preocupantes. Pero lle contesto perfectamente á pregunta de forma xeral, descoñezo o aspecto puntual que vostede me está trasladando e hombre, en Riveira, sempre houbo..., nos últimos catro anos houbo algún problema con puntos de luz e algunha colocación dalgún punto de luz tamén algo criticada neste pleno, vostede non estaba naquela corporación, pero si houbo cousas bastante chocantes sobre a política de puntos de luz, concretamente en Riveira, e vostede sabe perfectamente ó que me refiro, entonces, creo que o que se está intentando neste momento é actuar dunha forma coherente, marcar unha liña, é difícil e, de feito, hai puntos de luz que se cortan e o día seguinte se volven a conectar porque, o que dicía antes vostede, vese bastante mellor esa demanda ou esa eficiencia pola noite que polo día. Pero, os nosos funcionarios, os funcionarios que están facendo este servizo traballan pola mañá e teñen que facer ese traballo nesas horas. O que está claro é que estamos intentando manter o criterio, non un punto de luz unha casa senón teríamos catorce mil puntos de luz, o cal sería inasumible, aínda que cerca, non debe de andar moi lonxe, pero o que si estamos dicindo é que vamos a procurar que onde haxa puntos de luz onde haxa casas, que non se corten. Os puntos de luz que dean servizo ás vías por onde hai que transitar para acceder ás vivendas, ese é o obxectivo prioritario, intentamos cortar aquelas avenidas iluminadas onde non hai vivendas*

no arredor, intentamos manter aqueles puntos de luz que poidan estar en zonas de vías públicas, en cruces ou nalgunha zona perigosa ou algún refuxio escolar, en zonas onde haxa máis tránsito de persoas, pero o que está claro é que cando un recorta e pretende facer un aforro considerable en materia enerxética, isto é como o que ten un grifo e ten que pagar a auga. A nadie dos que estamos aquí se nos ocorrería deixar a billa aberta e que correra a auga todo o día, pois un punto de luz mal colocado é iso, un gasto constante, estámolles practicamente regalando o diñeiro a unha multinacional como é Unión Fenosa-Gas Natural. Como eu creo que esas multinacionais se deben defender por si solas e as administracións debemos ser responsables na xestión dos recursos públicos, o único que pretende facer este goberno é esas billas abertas que non están servíndolle a auga a nadie, esas luces que están alumbrando toda a noite sen dar servizo, pois o que pretendemos é actuar con eficacia e proceder ó corte. De feito, non se están retirando nin os postes nin os báculos nin o tendido; o que están facendo é un apagado puntual e temporal, durante un tempo, neste momento hai que apertarse o cinturón, pero iso non quere dicir, que no futuro, en algún momento, se poida volver a retomar algún caso e volver a poñer en marcha outro tipo de política en materia de aforro enerxético. Pero agora mesmo está demostrado unha cousa, creo que aquí se gastaron moitos millóns de pesetas en proxectos de aforro enerxético e eu, sinceramente, este ano este concello da Estrada non pediu a subvención ó INEGA para o aforro enerxético, creo que está demostrado que de pouco ou nada serven ese tipo de políticas, nunca vin un aforro considerable nese tipo de políticas e o concello está gastando cartos públicos do propio orzamento municipal e da propia Xunta de Galicia en algo que ó final non ten o resultado óptimo que debemos esperar, cantidades importantes, este ano decidimos non solicitar estas subvencións e entendemos que a mellor forma de aforrar é facer un apagado selectivo, intentar buscar a conciencia cidadana. ¿Que se pode cometer algún error puntual? Creo que a alcaldía está aberta a todos e está chegando xente e preguntando e se lle vai unha e dúas e tres veces para ver puntualmente o tema, incluso pola noite para poder ver se realmente é necesario, se están repoñendo unhas, se están retirando outras, se está facendo dunha forma sensata e razoable e, en todo caso, con criterios técnicos, única e exclusivamente con criterios técnicos; lle podo asegurar que así como antes se poñían puntos de luz con criterios políticos agora se retiran con criterios técnicos, esa é a diferenza fundamental, a máis substancial que hai na súa parroquia, sobre todo, e en outras moitas con respecto a fai catro anos.

Sra. Louzao Vieites, do PSdG-PSOE: Podo facer un rogo?

Sr. Alcalde: Sra. Louzao está o seu compañeiro no uso da palabra. Non se pisen entre os dous, teñen tempo para disparar.

Sr Picaño Riveira do PSdG-PSOE: Teño que discrepar con vostede, non sería lóxico doutro xeito, os puntos de luz que se puxeron, non sei se foron politicamente ou non, de calquera xeito non foi a miña intención traer aquí algo particular porque se vostede levara a paliza que levou ese home, ese veciño meu, seguramente tiña dezaseis focos arredor da casa. Como non a levou, claro para vostede é un tema xeralizado. Para min, como veciño del, este home dado a súa maneira de ser e a persoa como é, tampouco ten un acceso..., non quere dicir que non poida vir ó concello onda vostede, pero é unha persoa que me coñece a min, entón me pediu que eu llo trasladara. De calquera xeito, dígolle que o exhaustivo deses focos que se están falando, deses puntos de luz, na miña zona concreta, invítooo cando queira a ver eses que lle falei antes, eses puntos de luz, na casa do sogro do funcionario do turno que están sen quitar xa postos da era catapún, e doutros puntos que se puideran poñer. En todo caso, eu en Riveira e José Antonio, e digo eu porque era o que me transmitían a min os veciños, non lle pedimos nin un punto de luz que non nos pediran os veciños, e dicir, non chegamos alí a poñerlle puntos de luz porque a nós nos dera a gana.

Sr. Alcalde: Deixamos o tema zanzado. Eu o único que lle quero dicir é que vostede e máis eu temos falado moitas veces e a título persoal, na rúa, na alcaldía, por teléfono, sen teléfono, de moitos temas; e simplemente lle digo que vostede pódeme chamar a min hoxe, mañá, pasado, luns ou martes... á hora que queira, as vinte e catro horas do día, sempre que queira: “oe, José, teño este problema, búscalle unha solución”, simplemente lle digo iso. Me

parece o máis razoable non traer ese punto, que eu non digo que sexa máis importante nin menos, eu estoulle dicindo, sabe vostede que o meu teléfono para vostede como para calquera outro está aberto as vinte e catro horas do día e vostede sábeo ademais, sabe que me pode chamar e dicirme, se ese veciño non se pode acercar aquí e llo di a vostede, vostede me chama a min e eu procurarei solucionar ese problema. O sabe e creo que lle consta ademais que é así. Entonces, digo que non traíamos ese tipo de debates ó pleno porque entón podemos botar aquí semanas enteiras debatendo de problemas particulares que teñen os veciños. Para iso está o día a día, para iso estamos practicamente mañá, tarde e noite no concello intentando resolver os problemas; e para min, desde logo, é un pracer poder solucionarlos de forma particular sen ningún tipo de problema.

Sr. Picaño Riveira, do PSdG-PSOE: *Pero hoxe como non está Magariños e o sueldo hai que gañalo, temos que darlle un pouco de guerra ó tema. Entón eu so quero dicirlle o deste veciño, eu tróuxeno hoxe ó pleno non por nada pero chamoume outra veciña de que lle cortarades un punto de luz na semana pasada e entón díxome, “do meu non digas nada porque falei co alcalde de barrio e como non ten quen lle vaia ós carnavales díxenllo e apreteino e hoxe fóronme poñer o punto de luz” e entón eu dixen bueno,....*

Sr. Alcalde: *Perdoe un momento...*

Sr Picaño Riveira, do PSdG-PSOE: *Non, non, perdoa nada, eu a vostede non o interrompin en ningún momento....*

Sr. Alcalde: *Perdoa un momento, vamos entrar nun debate...., isto xa está pasando o ritmo....*

Sr. Picaño Riveira, do PSdG-PSOE: *Este é o día a día, vostede di que vai facer grandes obras, pero no rural non temos grandes obras, no rural temos os puntos de luz e temos un asfaltado e no rural non invertimos millóns de euros.*

Sr.Alcalde: *Sr. Picaño...*

Sr. Picaño Riveira, do PSdG-PSOE: *Dígame vostede...*

Sr. Alcalde: *Vamos a levar a cousa tranquila.*

Sr. Picaño Riveira, do PSdG-PSOE: *Pero foi vostede quen se puxo así, eu non .*

Sr. Alcalde: *Eu estou moi tranquilo*

Sr. Picaño Riveira, do PSdG-PSOE: *Eu estou tranquilo*

Sr. Alcalde: *Non, non está.*

Sr. Picaño Riveira, do PSdG-PSOE: *Eu?, mire como temblo, mire...*

Sr. Alcalde: *Se quere isto na taberna me parece interesante, estamos no salón de plenos. Somos a corporación municipal.*

Sr. Picaño Riveira, do PSdG-PSOE: *Si, si, correcto, correcto, e eu estoulle transmitindo o tema dos meus veciños.*

Sr. Alcalde: *Fale vostede, perdoe un momento Sr. Picaño, fale vostede en consonancia co lugar e co posto que ocupa e faga vostede as referencias no lugar que estamos representando*

Sr. Picaño Riveira, do PSdG-PSOE: *Porque non lle gusta o que estou dicindo.*

Sr. Alcalde: *Non me gusta como o está dicindo.*

Sr. Picaño Riveira, do PSdG-PSOE: *E logo como o teño que dicir?*

Sr. Alcalde: *Non me gusta como o está dicindo e creo que isto é un pouco...*

Sr. Picaño Riveira, do PSdG-PSOE: *Os que non temos universidade pois ó mellor non temos a cultura que vostede.*

Sr. Alcalde: *Sr. Picaño, non frivolicite vostede, porque estamos no pleno da corporación municipal e me parece marabilloso que vostede teña un tono, e sabe que eu non teño ningún problema e o respecto profundamente, pero non perdamos a compostura nin perdamos a referencia do lugar que ocupamos cada un e do sitio onde estamos.*

Sr. Picaño Riveira, do PSdG-PSOE: *Eu paréceme que non a perdín, se a perdeu vostede...*

Sr. Alcalde: *Eu creo que si, eu creo que si,..*

Sr. Picaño Riveira, do PSdG-PSOE: *Pero que si por que? Explíqueme vostede por que?*

Sr. Alcalde: *Fai vostede determinados comentarios que non proceden.*

Sr. Picaño Riveira, do PSdG-PSOE: *Eu se foron hoxe darlle luz a ese punto de luz, eu non sacaría ó pleno nada. Pero como houbo ó alcalde de barrio quen lle foi protestar e llo puxeron eu esperei ás oito da tarde que me chamaron para dicir que non estaba colocado. Eu dixen: “vou esperar, porque non teño por que sacar este tema no pleno”, pero ás oito da noite non estaba, estaba o de quen lle protestou pero o deste señor non estaba. Entón, para min é un problema porque é un veciño meu, é un veciño meu especial, especial polas particularidades del, porque é un veciño que levou esta paliza dos sudamericanos eses ou quen fora, é un veciño que está alexado doutras casas, é un veciño cunhas peculiaridades e punto. E se a vostede non lle gusta, ten que perdoar pero é o que hai.*

Sr. Alcalde: *Pero que estaba facendo un rogo, unha pregunta?. Que está facendo? Vamos a ver, eu o que lle quero dicir Sr. Picaño...*

Sr. Picaño Riveira, do PSdG-PSOE: *Xa lle fixen os rogos e preguntas suficientes*

Sr. Alcalde: *Pois está debatido. O que lle quero dicir, señor Picaño é que vostede, estamos aquí, non debemos converter isto nun debate de taberna. Eu creo que temos que intentar manter un nivel, representando a quen representamos, non?. O que lle quero dicir, se vostede o está dicindo, vostede se está respostando a si mesmo. Se houbo unha veciña que seguiu o cauce regulamentario e falou co alcalde de barrio e lle solucionaron o problema..., se o coñecemento dese problema, este goberno o acaba de ter agora, é imposible que este solucionado. Se vostede acaba de trasladar ese problema e é a primeira noticia que temos..., hombre, nós funcionamos ben, pero sen saber os problemas non somos capaces de resolvelos todavía.*

Sr. Picaño Riveira, do PSdG-PSOE: *Pero cortásteslle o foco sen contar con el nin con ningún veciño.*

Sr. Alcalde: *Ben, pero cando se lle repuxo o punto de luz que dixo vostede e que trae vostede a colación, se repuxo porque esa señora falou co alcalde de barrio, se foi alí, se veu que se puido cometer un error e ese punto de luz se repuxo. Se nós non temos coñecemento de que hai un problema con ese veciño (co cal eu me solidarizo persoalmente), pero se non o coñezo, evidentemente, non pretenda que vostede mo diga agora e que os electricistas xa estean traballando alí. Somos eficientes pero non tanto, non tanto, e de momento non somos tan previsores.*

Sr. Picaño Riveira, do PSdG-PSOE: *Pouco, pouco eficientes, pouco eficientes.*

Sr. Alcalde: Por iso lle digo que levemos o tema por onde o teñamos que levar. Sra Louzao, sabe que vostede é ben recibida alí cando queira, temos as portas abertas a calquer membro da corporación municipal, ademais de a calquera veciño, evidentemente.

Se hai algunha intervención por parte do público asistente? Pois se non hai ningunha intervención, levantamos a sesión, que teñan unha boa noite

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas e vinte minutos.

A Estrada, 2 de febreiro de 2012

O SECRETARIO,

Asdo.: José Naveira González